



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Proza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 70-2026

XVII CAMPIONATOS XUNTA DE GALICIA DE MILLA E 1 KM EN RUTA

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o domingo 12 de abril en Redondela (Pontevedra), os Campionatos Xunta de Galicia de Milla e 1 km en ruta.

Art.2).- Poderán intervir atletas que teñan ficha en vigor pola FGA na tempada actual.

- No caso de ter que limitar a participación, admitiranse por orde de mellor marca realizada dende o 1 de xaneiro de 2025 nas probas detalladas a continuación para cada unha das distancias:
 - Para o 1 km → 1000 m e 1 km
 - Para a Milla → 1500m e milla en ruta/pista
- ❖ De carecer algún atleta de marca nas probas sinaladas, a dirección técnica terá a potestade de valorar aquelas que considere oportuno.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 6 de abril.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 8 de abril e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase nas inmediacións da Casa Consistorial do Concello de Redondela, dende as 9:00 horas ata 30' antes do inicio da proba. <https://maps.app.goo.gl/E2jtcyhnm96EafxQ7>
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou da licenza federada en formato dixital con foto, debendo presentarse coa camiseta e o dorsal correctamente colocado.

Art.7).- Horario e lugar de saída (poderá ser modificado en función das inscricións)

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C.CHAMADAS	HORA	PROBA	CATEGORÍA
10:10	10:20	10:30	1 km	Sub 10 masculino e feminino
10:20	10:30	10:40	1 km	Sub 12 feminino
10:30	10:40	10:50	1 km	Sub 12 masculino
10:40	10:50	11:00	1 km	Sub 14 feminino
10:50	11:00	11:10	1 km	Sub 14 masculino
11:00	11:10	11:20	1 km	Sub 16 masculino e feminino
11:35 - ENTREGA DE PREMIOS - 1 KM EN RUTA				
11:35	11:45	11:55	Milla	M50 en diante
11:50	12:00	12:10	Milla	M40 e M45
12:05	12:15	12:25	Milla	Absoluta, Sub 23, Sub 20, Sub 18 e Máster femininas
12:20	12:30	12:40	Milla	Absoluta, Sub 23, Sub 20, Sub 18 masculina e M35
13:15 - ENTREGA DE PREMIOS - MILLA EN RUTA				

Ubicación do lugar de SAÍDA da proba:

- Rúa Alfonso XII, Redondela: <https://maps.app.goo.gl/E2jtcyhn96EafxQ7>

Art.8).- Premios:

- As entregas de premios realizaranse nas inmediacións da Casa Consistorial nas horas indicadas no Art.7.
- Recibirán medalla conmemorativa os tres primeiros atletas clasificados na clasificación absoluta e os tres primeiros clasificados de cada categoría, dende Sub10 ata Sub23 e en todas as categorías Máster, tanto en categoría masculina como feminina.

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 6 de marzo do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo